

¿ONDE

LER?



**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**Ilustración:**

Óscar Villán

**Idea e textos:**

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,  
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

**Impresión:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**D.L.:** C 640-2007

Hai múltiples **espazos** posibles para ler, pero cadaquén ten o seu lugar preferido. Tamén cada tipo de lectura parece reclamar un espazo determinado:

- Na cafetería, o café pide o xornal.
- A cama está feita para as novelas.
- Os relatos e os cómics son perfectos para o transporte público.
- Na cociña, as receitas lense soas.
- Ao cuarto de baño, moitos levan revistas.
- Á butaca favorita séntalle ben a poesía.
- O xornal dixital lémolos no ordenador.
- Ese libro que non podemos deixar vai connosco a todas partes.



Eses nenos e nenas que **CONTAN TANTO** para nós poden compartir estes e outros espazos para a lectura. Algúns atoparán os seus lugares favoritos de maneira espontánea e a outros teremos que axudarlles propiciando situacións nas que se sintan a gusto.

- Na cama, tapados ata as orellas.
- No sofá, a carón ou no colo do adulto.
- Deitados na herba un día de calor.
- Na sección infantil da biblioteca.

Hai unha serie de **ESPAZOS NATURAIS** nos que os libros de ficción ou de información e outros soportes que a sociedade actual vai xerando agardan por nós. Estes lugares ofrecen, ademais de materiais moi diversos cos que cubrir as nosas necesidades informativas e o tempo de lecer, unha serie de servizos que facilitan o uso e o aproveitamento destes materiais.

A **BIBLIOTECA ESCOLAR** é un recurso presente nos centros educativos que favorece o encontro de nenos e nenas coa lectura de todo tipo de textos e o uso dos materiais multimedia nas súas actividades de aprendizaxe ou de lecer. Ben cos seus profesores ou tamén de maneira autónoma, os nenos acoden á biblioteca para coller libros en préstamo, consultar materiais informativos, buscar datos en internet, participar en actividades de animación á lectura e, por suposto, ler sós ou en compañía os seus libros preferidos. Moitas destas bibliotecas están abertas ás familias e realizan actividades específicas para elas.

A **BIBLIOTECA PÚBLICA** ofrece a posibilidade de achegarse aos bens culturais de maneira gratuíta a toda a poboación. Libros, revistas, xornais, fondos documentais de todo tipo e en calquera soporte (impreso ou electrónico) están dispoñibles, xunto con servizos de préstamo, orientación, información e, mesmo, formación no uso das tecnoloxías informativas como internet. Son puntos de encontro e convivencia e, sobre todo, puntos de difusión da vida cultural da localidade. Acostumar os nenos a facer uso destes espazos públicos e dos seus recursos é a mellor forma de axudarlles a medrar como lectores. Moitas bibliotecas públicas teñen sección de infantil e, mesmo, be-

betecas para os máis pequerrechos. Unha fotografía e pouco máis é suficiente para conseguir o carné de socio e participar das múltiples actividades que poidan organizarse.

A saúde destes espazos de lectura depende en gran medida do uso que as comunidades escolares e os cidadáns fagamos delas. Por outro lado, levando libros en préstamo da biblioteca escolar ou da pública, os nenos e as nenas acostúmanse ao uso responsable dos bens públicos.

As **LIBRERÍAS** son espazos culturais de interese para a formación do lector porque alí pódense consultar as novidades, adquirir os libros que van conformando a biblioteca persoal e acudir ás presentacións de libros e a outras actividades que adoitan programar. Os libreiros ofrécennos a posibilidade da consulta sosegada, oriéntannos para unha boa elección, buscan o libro que necesitamos, etc. É bo acudir ás librerías cos nenos e nenas dende ben pequenos. Cando chega a primavera, comezan a celebrarse as feiras do libro en moitos puntos do país. Ademais das novidades e das ofertas para a adquisición de libros, son interesantes pola programación cultural que traen consigo: presentacións, contacontos, lecturas, monicreques, concursos, etc.



¿ONDE LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

